

O Concello e o Círculo Ferrolán de Xadrez desenvolven un ano máis o programa educativo

# O xadrez como ferramenta pedagóxica de “primeira orde” para os escolares da cidade

REDACCIÓN > FERROL

■ O xadrez non como unha actividade deportiva, senón educativa. Este é o concepto fundamental e o punto de partida de “Xadrez nas escolas”, un programa iniciado na cidade ferrolá co goberno bipartido do BNG e PSOE e ao que desde entón se lle veu dando continuidade coas sucesivas corporacións. A actual, representada onte polo alcalde socialista, Vicente Irisarri, e a concelleira de Educación, Mercedes Carbajales, refrendou onte o seu apoio á iniciativa asinando co Círculo Ferrolán de Xadrez, como xa fixo os anos anteriores, o convenio correspondente ao actual curso académico.

En virtude do mesmo, cuxa contía total sitúase nos 29.300 euros -9.000 para este ano e 20.000 para 2010-, 19 centros educativos da cidade, tanto públicos como concertados, poden beneficiarse dunha proposta que ten como obxectivo fundamental brindar aos pequenos as potencialidades que para o desenvolvemento intelectual ten a devandita disciplina.

“O xadrez é unha ferramenta pedagóxica de primeira orde”. Quen así o resumía onte, no decurso da firma do convenio celebrada no consistorio local, era o presidente do Círculo Ferrolán de Xadrez, Juan Rodríguez Rey, quen lembrou a aprobación hai dous anos por parte do Congreso dos Deputados, a instancias dunha moción ao respecto, da inclusión do xadrez como parte do currículo escolar. “Cando isto ocorra -xa que aínda non se aplicou-, será o sistema educativo o que asuma o que nós estamos a desenvolver



Juan Rodríguez Rey, Vicente Irisarri e Mercedes Carbajales asinaron onte o convenio

C. CARBALLEIRA

agora”.

De feito, Rodríguez Rey subliñou o feito de que Ferrol sexa un dos poucos concellos do territorio español que desenvolve unha actividade que, lonxe do seu aspecto deportivo e competitivo, tenta favorecer o desenvolvemento das competencias dos rapaces ao constituír o xadrez un interesante xogo de estimulación precoz. Na mesma liña manifestábase Mercedes Carbajales, para quen esta disciplina “axuda moito á axilidade mental e ao emprego da mente”.

**Valoración** > Destacou así mesmo a edila de Educación a positiva valoración que ao final de cada curso fan da actividade os centros participantes. “Todo isto fai máis que xustificable que o Concello de

Ferrol empregue estes cartos no programa”, dixo.

Tamén o alcalde ferrolán expresou o seu convencemento da positiva repercusión que a proposta ten para os alumnos, xa que o xadrez “é unha ferramenta educativa de gran valor”, apuntou, aludindo a unhas frases do famoso axedrecista cubano Capablanca para afirmar que o xadrez é moito máis que un xogo, xa que ten moito de arte e tamén de ciencia, servindo ademais como distracción para olvidar as preocupacións cotiás. Segundo o presidente do Círculo Ferrolán, nas actividades escolares de xadrez -a este programa se engaden as clases como actividades extraescolares- participan unha media de 1.200 nenos cada curso, algúns dos cales chegan a federarse para competir.

## Dirixido a alumnos de Infantil e Primaria

■ Practicamente a totalidade dos centros educativos tanto públicos como concertados da cidade achegan o xadrez aos seus alumnos tanto a través das actividades extraescolares como do programa “Xadrez na escola”, dirixido este último a alumnos de 2º curso de Infantil e 1º de Primaria e desenvolvido dentro do horario lectivo -30 minutos semanais- segundo as preferencias de cada centro. Catro monitores, cuxo salario por este posto de traballo se sitúa nos mil euros, segundo se informou onte, son os encargados de ofrecer as clases aos rapaces durante o curso.